



LUNS, 24 DE FEBREIRO DE 2025 LUNES, 24 DE FEBRERO DE 2025 | BOP NÚMERO 37

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEDEUME

Exposición pública e período de cobro do padrón do prezo público polo servizo de Madrugadores correspondente ao mes de febreiro de 2025

EDICTO

Anuncio de cobranza

Por Resolución da Alcaldía númer. 81/2025 do 17/02/2025, aprobouse o padrón fiscais do prezo público polo servizo de MADRUGADORES correspondente ao mes de febreiro de 2025

Exposición: O padrón quedará exposto ao público no Concello durante o prazo de 20 DÍAS, contados a partir do seguinte á publicación do edicto no B.O.P. da Coruña. O presente anuncio ten carácter de notificación colectiva a todos os contribuíntes, nos termos establecidos no artigo 102.3 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, Xeral Tributaria e de anuncio de cobranza segundo o disposto no artigo 24 do Real Decreto 939/2005 do Regulamento Xeral de Recadación.

Durante o periodo de exposición pública contra as liquidacións incorporadas ao padrón, todos os interesados poderán interpoñer as reclamacións ou alegacións que consideren pertinentes ante a Alcaldía.

Recursos: Contra as liquidacións incorporadas aos padróns, os interesados poderán interpor os seguintes recursos:

- Recurso potestativo de reposición perante a Alcaldía deste Concello, no prazo dun mes, contado dende o día seguinte ao da finalización da exposición pública do padrón, que se entenderá rexeitado se ó transcorrer un mes dende a súa presentación non se resolve de maneira expresa.
- Recurso contencioso-administrativo, perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses se a resolución do recurso de reposición é expresa, e no prazo de seis meses dende a súa interposición, se non o fose. Sen prexuízo de que poida exercitar calquera outro que estime procedente.

Período de cobro: O prazo de cobro en período voluntario será de DOUS MESES, a contar dende a súa publicación no B.O.P. Transcorrido o prazo establecido, as débedas pendentes esixiranse pola vía de constrinximento coa recarga de prema, os xuros de mora e os custos de acordo cos artigos 26 a 28 e 161 da Lei Xeral Tributaria.

Os contribuíntes poderán aboar as liquidacións nas entidades bancarias colaboradoras do concello, dentro do prazo sinalado e durante os días e horas hábiles de ingreso que tal entidade teña establecidos. Os recibos que figuren correc-tamente domiciliados faranse chegar ás respectivas entidades financeiras para que sexan cargados nas contas dos seus clientes.

Pontedeume, asinado dixitalmente polo Sr. Alcalde D. Bernardo Fernández Piñeiro, o día 18 de febreiro de 2025.

2025/1153